

19 de Decembro de 2009

Presidente da Fundación Jacinto Calvo; Alcalde de Lugo; Presidente da Deputación; Secretario Xeral do PSdeG en Lugo; eurodeputado Antolín Sánchez Presedo; voceiro do Grupo Paralentario do PSdeG; sras. e sres.:

Bos días.

Quero agradecer, en primeiro lugar, a deferencia da Fundación Jacinto Calvo por invitarme a esta xornada de traballo e, sobre todo, por esta iniciativa que incide de forma directa no futuro de Europa, na cal estamos inmersos os galegos.

Hai uns días, nun foro desenvolvido en Santiago, tiven a oportunidade de referirme a este tema que centrou as exposicións e o debate desta xornada. Titulei a miña conferencia: *Galicia. Un futuro sostible*.

E o primeiro que dixen foi que son optimista con respecto ao futuro de Galicia. Pero tamén dixen que a nosa realidade actual, derivada en parte da crise global e tamén das nosas propias debilidades tanto estruturais como coxunturais, nos sitúan nun escenario pesimista. Non obstante, vislumbro un horizonte máis despexado se somos capaces de tomar medidas precisas que senten as bases dun crecemento máis sostible e duradeiro.

Un crecemento que garanta a sostibilidade económica, social e medioambiental de Galicia. Un crecemento que permita aproveitar os nosos recursos e fortalezas. Un crecemento que posibilite a xeración de emprego de calidade, que mellore as expectativas do noso tecido empresarial, que amplíe o abano de

posibilidades da nosa economía e que saiba aunar a protección do inmenso patrimonio que temos no sentido máis amplo co seu desenvolvemento en aras de manter o reequilibrio territorial, sen o que Galicia está condenada a vivir nunha dualidade: a Galicia litoral e a Galicia interior, como dúas formas antagónicas dun mesmo país.

Os cambios estanse a producir neste sentido de xeito inexorable. **A poboación galega abandona o rural para asentarse nas cabeceiras das comarcas, fundamentalmente, arredor de tres grandes eixos de comunicación da comunidade: a autoestrada Ferrol-Vigo, a A-6 e a autovía das Rías Baixas.** Os últimos datos de poboación poñen de relevo un crecemento concentrado nestes polos e un abandono dos pequenos núcleos de poboación, os lugares nos que se ten conformado historicamente Galicia. Hai un 15% máis de lugares abandonados que a comezos deste século. Así, no ano 2000 apenas sobrepasaban o millar o hoxe son xa 1.261. E as provincias que lideran esta estadística son A Coruña e Lugo.

Pero, ademáis, hai outros 1.700 lugares nos que so hai 1, 2 ou 3 veciños censados, co que en non moi tempo a cifra de lugares abandonados pódese duplicar.

E isto, sumado á excesiva parcelación do territorio, da como resultado un desequilibrio territorial que se acentúa máis cada día e impide desenvolver armónicamente o país.

Galicia está fraccionada en case **13 millóns de parcelas**, das que son titulares **2,6 millóns** de persoas. Se a isto lle engadimos o avellentamento da poboación, ata o punto de que Galicia suma **cada mes 2.600 novos pensionistas**, e que a **taxa de fecundidade é de 1,01**, darémonos conta de que estamos diante dun dos problemas que debemos resolver en Galicia de forma perentoria e que ningunha administración quixo acometer con rigor e perspectivas de solución ata o día de hoxe.

Galicia debe comezar xa a deseñar o seu futuro. E para esto os socialistas ofrecemos o noso apoio. É preciso un gran pacto para abordar as reformas estruturais que precisa Galicia e que son, por este orde:

- **A Administración pública**, fundamentalmente, a local.
- **A Ordenación do Territorio.**
- **O medio rural.**

Pero como digo que Galicia ten futuro, tamén digo que non imos polo bo camiño. Os Orzamentos da Xunta de Galicia para o 2010, que deberían contribuir a superar a crise, son unha oportunidade estragada. E se este ano que está a piques de rematar podemos dalo practicamente por perdido, o 2010 non vai empezar ben porque as medidas anunciadas van no senso contrario ao da recuperación económica.

En efecto, **en Galicia superamos neste intre os 216.000 parados**, e as expectativas para o próximo ano non son tampouco moi halagüeñas. A propia previsión da Xunta é que o paro acade o 15%, co que **nos podemos situar en preto dos 240.000** ou 250.000 parados, que é un nivel de desemprego inasumible para a nosa economía e para as familias.

O sector industrial galego sufriu no último ano unha destrución de emprego moi importante, con case 33.000 parados máis, ao igual que a construción se cobrou 33.250 desempregados; o sector agrícola tampouco se salva, con 5.846 persoas actualmente desocupadas.

Ante esta situación, os socialistas galegos entendemos que é preciso reforzar as áreas de goberno que máis afectan aos cidadáns, sobre todos a aqueles máis desfavorecidos, e que son,

sen dúbida algunha, as referidas ás **políticas sociais e ás políticas de fomento do emprego.**

Con respecto ás políticas de fomento do emprego cómpre realizar un forte investimento en infraestruturas, sobre todo en infraestruturas terrestres, pero tamén en infraestruturas da comunicación, mellorando e ampliando as redes telemáticas, fundamentalmente o acceso a Internet.

A metade dos núcleos de poboación de Galicia non dispoñen de banda ancha. Hai case un millón de galegos e galegas que non teñen acceso a Internet ou o fan dun xeito deficiente. Isto lastra as posibilidades de frear o éxodo do rural e de fixar poboación.

Temos datos relevantes do forte impulso que están a ter as infraestruturas en Galicia, fundamentalmente, do AVE. **Os investimentos do Estado para o 2010 corroboran esta tese: os investimentos territorializados dos Presupostos Xerais do Estado en Galicia para 2010 ascenderán a máis de 2.000 millóns de euros. Desda cantidade, 1.830 millóns de euros, máis do 90%, corresponden ao Ministerio de Fomento e aos seus organismos.** É o volume máis elevado na historia de Galicia. Tanto os orzamentos xerais do Estado como os de Fomento ducpican o investimento da Xunta, polo que contrasta a intensidade nos investimentos da administración do Estado en Galicia fronte á apatía da Xunta.

Asemade, é preciso abordar o problema do transporte público e a mobilidade nas capitais e grandes cidades.

O descenso da actividade industrial hai que combatilo incrementando o orzamento na modernización, internacionalización e mellora da actividade das empresas, así como en capital humano.

Pero acaso, onde haxa que realizar un esforzo maior sexa no Plan Galego de I+D+i, que é a porta de entrada ao futuro de Galicia e non pode reducirse en ningún caso.

Evidentemente, estas son medidas prioritarias, de carácter inmediato, que contribuirían a modernizar e artellar o país e a crear emprego. Son, ademáis, medidas complementarias das previstas nos orzamentos do Estado para o 2010, co que o efecto sobre a creación de emprego sería multiplicador.

Os socialistas galegos cremos que este é o momento no que é preciso ir sentando as bases da Galicia do futuro.

Neste sentido, a nosa alternativa é radicalmente oposta a que ten en marcha o actual goberno da Xunta. Non compartimos, en absoluto, o camiño que se sigue en Galicia. Cremos que non resolve os problemas actuais e tampouco establece as bases para o futuro. Nós queremos virar cara a unha economía máis productiva e máis competitiva.

Cara unha Economía máis Productiva e Competitiva

Unha condición necesaria para acadar un patrón de crecemento sostible é asegurar un entorno macroeconómico que xenere estabilidade. Neste contexto ubicamos os socialistas a aposta para impulsar un novo entorno económico sostible baseado en tres dimensións clave:

- **A dimensión do coñecemento e a innovación para enfrentarse con éxito ao fenómeno da globalización, dende a base dunha economía productiva e competitiva.**
- **A dimensión social, que favoreza o pleno emprego, a igualdade de oportunidades e a cohesión social.**
- **A dimensión ambiental, que garanta o uso eficiente dos recursos naturais e, fundamentalmente, se base nun**

modelo económico baixo en carbono para enfrentarse con éxito ás amenazas plantexadas polo cambio climático.

Esta aposta por unha economía máis productiva e competitiva, en síntese, máis sostible, non constitúe por sí soa o cambio de patrón de crecemento económico que se desexa para o país, pero contén elementos esenciais para configurar a base do novo modelo.

Por outra parte, non se trata de substituír o papel do mercado no desenvolvemento económico do país, pois a iniciativa privada constitúe un factor indispensable para o crecemento económico e nin a Xunta nin o Estado deben suplantala. Ben ao contrario, pode e debe estimulala e fomentala.

Certamente, existen oportunidades de creación de emprego facendo máis sostibles sectores económicos clave como as enerxías renovables, a edificación e a construción, a industria básica, o sector socio-sanitario, o transporte ou a xestión dos recursos naturais. Pero tamén é previsible unha substitución ou transformación de emprego noutros sectores, por exemplo, coa mellora na xestión e o tratamento dos residuos, coa integración do transporte por estrada en sistemas loxísticos globais, ou coa crecente demanda de maior cualificación en todos os ámbitos do sector da construción.

Todo isto non significa, nin moito menos, unha renuncia ás industrias tradicionais con potencial de futuro como o turismo, as finanzas, a inxeniería civil e a xestión de servizos, o sector agroalimentario, o téxtil, as industrias culturais ou a economía social. Trátase de facelas máis eficientes e máis innovadoras nos seus procesos de produción.

Líneas de acción estratégicas

Trátase de apostar por actividades novas, cun impacto amplo sobre a economía e con potencial futuro de desenvolvemento:

- **Dimensión Ambiental**
 - Sostibilidade enerxética
 - Ecoinnovación
 - Mobilidade sostible
 - Novos modelos urbanos e edificación sostible
 - Tratamento e xestión integral de residuos
 - Xestión forestal
 - Depuración e reutilización de augas

- **Dimensión do Coñecemento e a Innovación**
 - Saúde e biotecnoloxía
 - Enerxía e cambio climático
 - Telecomunicacións e sociedade da información
 - Nanociencia e nanotecnoloxía
 - Novos materiais e novos procesos industriais
 - Agroalimentación de calidade

- **Dimensión Social**
 - Atención aos maiores, dependentes e outros colectivos vulnerables
 - Profesionalización dos servizos asistenciais
 - Impulso ao Terceiro Sector
 - Responsabilidade Social Corporativa
 - Apoio ás empresas de inserción laboral de discapacitados
 - Fomento aos servizos de apoio á conciliación

Medidas de modernización

Non se trata de rachar nin cos cambios introducidos no sistema educativo, nin co esforzo de investimento público realizado en I+D+i, nin co ambicioso plan de infraestructuras desplegado, nin, por suposto, coas políticas sociais que caracterizan o noso desenvolvemento nos últimos tempos. Se trata de dar un novo impulso e rediseñar algunhas destas medidas, en certos ámbitos de actuación, para xerar unhas condicións propicias para a adopción do novo modelo económico máis sostible.

Entre as medidas de modernización, de carácter estrutural, que habería que considerar para este propósito, estarían as seguintes:

- **Sistema educativo e formación orientada ás necesidades presentes e futuras do mercado de traballo.**
- **Inversión e modelo da I+D+i.**
- **Infraestructuras.**
- **Administración transparente, eficiente e orientada a cidadáns e empresas.**
- **Mellorar o funcionamento dos mercados para unha economía máis competitiva.**
- **Maior estabilidade financeira.**
- **Mellorar o funcionamento do mercado laboral.**

DA SOCIEDADE INDUSTRIAL Á SOCIEDADE DA SOSTIBILIDADE

Agora, que se está debatindo en Copenhague por todos os líderes mundiais o futuro do noso planeta, reflexionemos sobre calquera dos grandes problemas ambientais que recoñecemos na actualidade: a contaminación dos solos, dos sistemas fluviais e

dos mares, a sobreexplotación das poboacións, a perda de biodiversidade, a degradación dos hábitats e da paisaxe, o cambio climático...

A sociedade industrial non só depende, senón que ten a súa razón de ser, no consumo masivo de enerxía fósil e na ocupación intensiva do territorio. A crise ambiental que caracteriza estas fases iniciais do século XXI queda sintetizada por un fenómeno que representa o paradigma desta crise: o cambio climático causado pola emisión á atmosfera de decenas de miles de millóns de toneladas de CO₂ cada ano. Sirva de mostra un exemplo cuantitativo. Mentres que cada cidadán das sociedades preindustriais e as actuais menos desenvolvidas emiten á atmosfera menos de dúas toneladas de CO₂ anuais, os galegos emitimos preto de 11 e os cidadáns de norteamérica, algo máis de 20 toneladas de CO₂ ao ano.

Na nosa opinión, é unha obriga das organizacións sociais progresistas abrir o debate sobre os novos paradigmas que deberán rexir esta nova sociedade, así como sobre os canles polos que haberá de discurrir o necesario proceso de transformación social.

A Galicia do século XXI, a Galicia da nova sociedade da sostibilidade, deberase construír ao redor de sete liñas troncais de desenvolvemento:

- **Unha nova Galicia neutra en emisións**
- **Unha nova ordenación que reduza a dispersión da poboación e das actividades**
- **Un país no que o proceso de transformación do territorio se ralentice**
- **Cara a un consenso sobre a protección integral do ciclo hídrico**
- **Máxima eficiencia no ciclo dos materiais**
- **Unha aposta pola recuperación dos ecosistemas e da paisaxe de Galicia**

- **Un compromiso coa cooperación para o desenvolvemento no eido ambiental**

A ALTERNATIVA SOCIALISTA

Galicia ten resortes para saír da crise e para emprender un novo rumbo que nos conecte coas economías máis avanzadas. Temos potencial humano e cualidades para avanzar na dirección correcta. Hai experiencias empresariais dabondo que son modelos nos que basearse para seguir innovando e crecer. E témolas en case todos os campos, sendo as máis chamativas as da industria telemática ou da enerxía eólica.

Os socialistas cremos que é o momento de amosar o orgullo de Galicia non só por ter un patrimonio natural e cultural relevantes, senon pola nosa capacidade emprendedora, para innovar e crear.

A Xunta e as administracións públicas deben garantir as prestacións sociais esenciais e investir en formación, en mellorar as infraestructuras e nas actividades productivas, promovendo a calidade, a competitividade das nosas empresas e a súa internacionalización.

Coido que teremos acadado a excelencia cando os galegos e as galegas volvamos a saír polo mundo, pero non como emigrantes como fixemos durante tantos anos, senon para vender os nosos produtos e o noso país. Un país que tén futuro se miramos cara a Europa, na que estamos, e ao mundo e deixamos de mirarnos cara a nós.

Moitas gracias

Pachi Vázquez
S^oX^a P.S. de G. - PSOE